

LEO BASSI { THE BEST OF }



A COMPAÑÍA }

Leva o circo no sangue. Fai seis xeracións, un ancestro loitou á beira de Garibaldi antes de crear un dos primeiros circos modernos da Toscana. Pola outra beira familiar, co auxe do vaudeville, o avó Británico de Leo, Jimmy Wheeler, era unha das estrelas do London Palladium antes de ser pioneiro en televisión nos primeiros anos da BBC.

Bassi, máis aló de continuar coa tradición familiar, salvagarda un propósito: manter vivo o espírito provocador que caracterizaba o selo dos Bassi. Porque Leo é un bufón, un home comprometido que considera que o pallaso ha de mirar directamente ao poder, mofarse del e denunciálo mediante a risa. A provocación é unha ferramenta do compromiso para este italiano que debutou con sete anos en Australia. Aos 23 iniciou a súa carreira en solitario, creando os seus propios espectáculos e converténdose, co paso dos anos, nun dos clown máis coñecidos e queridos do mundo.

O ESPECTÁCULO }

Un espectáculo para toda unha vida dedicada ás artes escénicas, ao circo, ao compromiso e á crítica social dende o humor. *The best of* é un compendio non definitivo dos mellores momentos de Leo Bassi, no que o público se converte no cómplice necesario da provocación. Ao longo dunha hora e media, Bassi convida o espectador a unirse nas súas reflexións, certas e críticas cos grandes males que, dende a súa perspectiva, cercan a sociedade. Nada se escapa da verba do bufón. Nin a banca, nin a dereita nin a igrexa. Tampouco a hipocrisía democratizada nin a intransixencia. No espectáculo, Bassi ofrece ao público unha experiencia apaixonante, sensacional, onde a provocación non é propósito, senón linguaxe.



FICHA ARTÍSTICA }

Idea orixinal e dirección: Leo Bassi

Elenco: Leo Bassi

Técnica Teatral: Bufón

Público: Maiores de 16 anos